

# OS SÉCULOS XX E XXI EN ESPAÑA

## A SEGUNDA REPÚBLICA

No ano 1931, logo do triunfo nas eleccións municipais dos republicanos, proclamouse en España a **Segunda República**. O rei Alfonso XIII abandonou o país e aboliuse a monarquía.

O goberno republicano emprendeu numerosas reformas. Elaborou unha constitución en que, por primeira vez, se recollía o dereito ao voto das mulleres. Tamén repartiu terras entre os campesiños, construíu escolas públicas, aumentou o salario dos obreiros, reformou o exercito... Estas reformas, non obstante, trouxeron consigo graves enfrontamentos entre os que estaban a favor e os que estaban en contra. Estes enfrontamentos acabarían conducindo a España a unha **Guerra Civil**.

## A GUERRA CIVIL

No ano 1936, produciuse unha sublevación militar contra a República, dirixida polo xeneral Francisco Franco. España quedou dividida en dous bandos: o bando republicano apoiou o goberno democrático da República, mentras que o bando sublevado, tamén chamado nacional, apoiou o levantamento dos militares sublevados.

Durante a guerra, a poboación civil sufriu grandes penurias. Milleiros de persoas morreron como consecuencia dos combates, dos bombardeos e da fame.

Despois de tres anos de enfrontamentos, a República foi derrotada en abril de 1939. A sociedade española quedou dividida en vencedores e vencidos.



## A DITADURA FRANQUISTA

Os militares vencedores da Guerra Civil impuxeron unha ditadura. O xeneral **Francisco Franco** concentrou tódolos poderes na súa persoa e outorgóuselle o título de Caudillo.

Os primeiros anos da ditadura, a **represión** foi moi dura. Miles de persoas que apoiaron a República foron condenadas e outras moitas exiliáronse fóra de España.

Durante este período, España deixou de ser un país democrático: non existía unha constitución que garantise os dereitos dos españois, implantouse a censura (prohibíronse libros, películas, obras de teatro... e calquera tipo de manifestación cultural contraria ás ideas da ditadura), tampouco se convocaban eleccións para elixir os gobernantes; prohibíronse os partidos políticos e os sindicatos, coa excepción dun partido único, do que Franco era o máximo dirixente, Falange Española.

A ditadura rematou en 1975, tras a morte do xeneral Franco.

